

Os deportistas debaten sobre o parque eólico na Serra do Galiñeiro.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 01 Marzo 2011 00:01

Pola protección da serra do GALIÑEIRO
www.serradogalinheiro.org

0.2/ MESA REDONDA

INTERVIENEN:
OSCAR PEREIRO.
* Gañador do Tour de Francia 2006.

SECHU LÓPEZ.
* Montañeiro.

JOSÉ LUIS ARMADA.
* Responsable da sección de carreiras de orientación da universidade de Vigo.

ALEJANDRO GÓMEZ.
* Atleta Internacional.

DAVID GÓMEZ.
* Decatleta Internacional.

JOAQUÍN CARRIL.
* Profesor da facultade de ciencias da actividade física e o deporte do campus de Pontevedra.

CONVOCAN:
A.C. COLECTIVO SERRA VAL MINOR - A SERRA NON SE VENDE - ARESA - ADA ASOC. GALEGA AGRICULTURA - AMIGOS DA TERRA - ASOCIACIÓN A GROBA - ASOC. "SERRA DA PREHISTORIA" - ASOC. VEONAL CASO VELLO - ASOC. VECINOS DE VINDOZO - ASOC. TALEI CASTRIZO - CENTRO CULTURAL "AS PERRINAS" - CLUB ESPRILLO - CLUBO BARRIO - CLUB ESCALADA E MONTAÑA AZIBUT - CLUB MONTAÑERÍA SERRA - CLUB PONS TROYANCA M.B. - CLUB DE MONTAÑA SOTRA - DIMI Y.B.C. DE VINDOZO - FEDERACIÓN GALEGA MONTAÑARISMO INST. - TITO DE ESTUDIOS MONTAÑOS - OUTROVINDOZOSIBLE - PLATAFORMA DEFENSA DA SERRA - SALVEMOS MONTEFERRO - SOS SERRA DA GROBA - VERDEGALIA.

Centro Vecinal e Cultural de Valadares
O XOVES DIA 3 DE MARZO AS 20:15

*** DEBATERASE SOBRE:**

*** AS POSIBILIDADES DE ODO E DEPORTE NA SERRA DO GALIÑEIRO E AS REPERCUSIÓNS QUE PODERÁN TER SE NON SE PROTEXE DEBIDAMENTE.**

*** O ESTADO DE CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL GALEGO DENTRO O PUNTO DE VISTA DAS PERSOAS QUE PRACTICAN ALGUNHA ACTIVIDADE FÍSICA.**

Oscar Pereiro, gañador do Tour de Francia 2006, Sechu López, montañeiro, Alejandro Gómez, atleta internacional, David Gómez, decatleta internacional, son algúns dos recoñecidos deportistas que darán o seu apoio á defensa da Serra do Galiñeiro. A Plataforma desenvolverá unha nova xornada de sensibilización e debate no seu obxectivo de evitar a instalación dun parque eólico nesa xeografía emblemática das Rías Baixas. Logo da multitudinaria participación de persoas na andaina pola serra do pasado domingo 20 de febreiro e mais as xornadas en Marrucho do venres pasado en Baiona, agora toca quenda ao Centro Cultural de Valadares. Ás oito do serán do xoves 3 de marzo a plataforma presentará un vídeo cunha recreación virtual do parque eólico proxectado no Galiñeiro pola Xunta de Galicia e a continuación unha Mesa Redonda dos Deportistas.

A proposta a desenvolver comezará co devandito vídeo onde a plataforma adiantou que se poderá observar o tamaño e lugar onde se colocarán os aeroxeradores. Logo, na mesa redonda, intervirán deportistas de proxección internacional, todos eles da mancomunidade de Vigo.

Debaterase sobre:

Os deportistas debaten sobre o parque eólico na Serra do Galiñeiro.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 01 Marzo 2011 00:01

- As posibilidades de ocio e deporte que ten a Serra do Galiñeiro.
- As repercusións que se darían na Serra se non se protexe debidamente das agresións que sofre e das que a ameazan agora mesmo.

Así mesmo, a organización quere que ese acto una ao mundo do deporte cara a protección do medio natural, polo que anima a todas as entidades e clubs deportivos de Vigo e arredores, a que se dean cita ese día en Valadares, aínda que a súa disciplina non se practique no medio natural.

A plataforma tamén informa que ten xa programados para os vindeiros meses unha Mesa redonda sobre xeoloxía, xeomorfoloxía e covas graníticas, en abril e unha xuntanza de escaladores na serra do Galiñeiro no mes de maio.